



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

MIGUEL PIÑEIRO SOUTO, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO

Que na sesión extraordinaria do 22 de abril de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA FESTA HOMENAXE AOS NOSOS MAIORES 2025.

Dáse lectura á proposta de Alcaldía que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Dende a Concellería de Servizos Sociais, estase a organizar un Xantar para a Terceira idade, dentro do obxectivo de fomentar o envellecemento activo.

A Tesoureira emitiu informe relativo á previsión de custos que soportará o Concello na organización do xantar ao abeiro do artigo 4º da Ordenanza reguladora do prezo público por actividades culturais e deportivas (Boletín Oficial da Provincia número 188, de 3 de outubro de 2017).

Para cumprir co disposto no artigo 44.1 do RDL 2/2004 o prezo público debería permitir acadar unha recadación estimada que cubrise os custos que se calculan no informe antedito.

O artigo 44.2 do RDL 2/2004 permite a fixación de prezos públicos por debaixo do límite previsto no punto primeiro “cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen”, como é o caso, xa que se trata de actividades coas que se persegue a consecución do mandato establecido na Constitución Española de promoción e tutela do acceso á utilización do ocio e á cultura.

Vista a ordenanza reguladora do prezo público por actividades organizadas polo concello de Laracha (BOP nº 188 do 03/10/2017), en concreto no seu artigo 4:

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe en cada caso, a Xunta de Goberno por delegación do Pleno da Corporación, de acordo cos artigos 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A estos efectos a Xunta de Goberno Local, antes do inicio da actividade, e en base a informe previo do departamento de Servizos Económicos relativo aos custos soportados polo concello na organización desa actividade, establecerá as tarifas concretas para a mesma.

De acordo co apartado segundo do artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais, ou de interese público que así o aconsellan, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á educación física, ao deporte, á adecuada utilización do ocio e á cultura (artigos 43 e 44). Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios do concello a efectos da súa publicidade.

Visto o informe elaborado polos servizos económicos do que se desprende que o coste/persoa é de 42,33 €, polo que o prezo público debe ser de tal contía ,salvo que concorran razóns sociais, culturais, ou de interese público que así o aconsellan, en cuio caso poderá ser inferior.

Tendo en conta que con esta actividade destinada á 3ª idade o que se pretende é a adecuada utilización do ocio e o acceso á cultura neste caso dirixido ao colectivo da 3ª idade.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o prezo público do Xantar para persoas da 3ª idade do Concello de A Laracha seguinte:

- prezo/persoa = 15 €

Segundo.- Establecer o seguinte réxime de xestión:

- O ingreso levarase a cabo mediante autoliquidación dos obrigados ao pago.
- O ingreso levarase a cabo a través dun pago único anticipado no momento de apuntarse ao Xantar.
- O pago realizarase a través do ingreso na conta bancaria.
- O desistimento ou falta de asistencia do usuario á actividade non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do ingresado na parte proporcional ás prestacións efectivamente efectúadas

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de edictos do Concello”

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta transcrita cos seus acordos, por UNANIMIDADE dos membros presentes: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dña. Almudena Martínez Pérez, Dña. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo.

O que certifico, na Laracha, a data da sinatura electrónica, co visto e praxe do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.